

VIERNES, 21 de enero de 2011

REPORTAJE: LUCES

O futuro non é só apocalíptico

Nos relatos da Galicia por vir hai repúblicas independentes e vitorias nazis - Autores como Borrazás e Lopo actualizan a ficción científica, inaugurada en galego cun conto de Dieste

ÓSCAR IGLESIAS | 21 ENE 2011

Cando Thea von von Harbour, a que fora compañeira de Fritz Lang, publica a ambigua novela que sería o guión de *Metrópole* (1927), un conto de Rafael Dieste inaugura a ciencia-ficción en Galicia. En *Once mil novecentos vinteseis* (de *Dos arquivos do trasno*), un home imaxina ese ano do futuro desde o interior dun nicho. Fóra hai caníbales.

Lonxe desa sincronía, a primeira época dos relatos de anticipación en galego abonda nas utopías sociais dalgúns pioneiros do xénero, de Verne a H. G. Wells -a orixe quizais sexa *Frankenstein ou o moderno Prometeo* (1818)-. *Campaña de Caprecórmea. Novela galega hestórica, fantástica e poética*, de Luís Otero Pimentel, editada por entregas na revista *Follas Novas* da Habana -Galaxia recuperouna en 1994-, publicouse en 1898 co retrouso *Mirando a Terra*. O protagonista-autor viaxa á Lúa, pero a fantasía, coma no conto de Dieste, tamén se esvae ao espertar.

"A ficción científica foi infravalorada pola crítica", di Ramón Caride

En 'Elipsis e outras sombras' hai relatos inspirados na obra de George Orwell

"Non pretendo dar consellos, senón poñer espellos", di Xurxo Borrazás

N'O centro do labirinto exponse a loita entre capital e ecoloxía

No centenario de Cunqueiro, un dos autores máis prolíficos da literatura fantástica en Galicia, Ramón Caride chama a atención sobre cómo se foi redistribuíndo o estatus da fantasía na literatura do país (os manuais aínda falan de narrativa de *xénero*). E de paso clarexa a cuestión da *anticipación*, que empeza nos libros da apocalipse: "O obxectivo é sempre describir o presente. As novelas históricas tampouco saen do pasado porque todo é un presente continuo, cando se escribe e cando se le". Para o autor de *Soños eléctricos* -que agora recunca no relato en *Exogamia 0.3*, en Xerais contra a primavera-, a ficción científica foi "infravalorada" pola crítica filolóxica. "As referencias ao pasado, nunha sociedade tan envellecida, son un suicidio cultural pola vía de descolgar os lectores", critica, en parte pola "sobreevaloración" da memoria histórica como materia narrativa.

As inmensas posibilidades do xénero como túrmix do real deron para facer fábula política -Carlos Mella en *Luces de Fisterra. Esperpento xacobeo*-, estruturar sociedades futuras con novas posibilidades biopsiquiátricas -a Galicia republicana do século XXII que describe Antón Lopo en *Obediencia*-, teorizar sobre o control total e as canles de resistencia -como en *Partisan 4* e outros contos de inspiración *orwelliá* do Ferrín de *Elipsis e outras sombras*, onde hai Pauta, Orde Interminable e Vellas Akademias- ou describir escenarios posapocalípticos onde a imaxinación debe abollar tras unha era de narcotización colectiva -como a distopía *Costa Norte/ZFK*, de Xurxo Borrazás-, comezaron en Galicia cando morría Franco. Non eran aínda as utopías negativas propias da sociedade posindustrial, epitomizadas naquel *Brave new world* de

Huxley.

Medio século despois do conto de Dieste, novelas como *Homes do espacio* (Lois Fernández Marcos, 1976), *Galou Z-28* (Lois Diéguez, 1976), *PAE S. XXI. No comezo dunha nova historia da humanidade* (Tucho Calvo, 1982) e *Reportaxe cósmico* (Xosé Fernández Ferreiro, 1983) devolven a fantasía futurista aos andeis. Aqueles traballos contrastaban a fe no espírito humano co medo á bomba de neutróns. O máis pesimista daquela era o autor de *Agosto do 36*, que escribía a seguinte adicatoria: "Aos galegos do século XXI, con dubidosa esperanza".

"Hai moi poucas novelas de ciencia ficción e todas son moi malas, comezando pola miña", no xuízo distanciada de Fernández Ferreiro, cuxa historia é a aventura dunha nave que sae dende Arxentina rumbo a Marte. O autor d'*A morte de Frank González*, que gaba as novelas de Arthur C. Clarke -"Asimov sabíao todo, pero escribía mal"- prepara agora *De Xente Nova a Brais Pinto*, ensaio sobre a xénese ourensá do grupo que fundou a Unión do Povo Galego. O mesmo que publicou, en Madrid, a primeira *sci-fi* galega tras a ditadura. Foi *Dúas viaxes* (1975), a banda deseñada de Reimundo Patiño e Xaquín Marín, reeditada por El Patito Editorial.

O máis preto que estivo a literatura galega do *cyberpunk*, o subxénero da ficción científica que apela así ao último Burroughs como a William Gibson ou fragmentos de *2666* -Roberto Bolaño chamáballe *non science fiction novel*-, caracterizado por heroes subproletarios en sociedades hipertecnificadas, quizais sexa o Borrazás de *Costa Norte/ZFK* (2008). Lewis Carroll, Margaret Atwood, Ballard ou Joanna Russ, a autora da primeira *sci-fi* feminista, *The Female Man*, xa lle gustaban antes de facer novela futurista. "É o presente esencializado, case máis real ca realidade, que é como funciona a fantasía no subconsciente". A súa *Costa Norte* parte de contemplar o rozamento "entre o capitalismo salvaxe e a política irresponsable". Se o futuro está suficientemente explorado ou non, non lle interesa especialmente: "Teño que partir de emocións fortes, e cando dinamitaban O Cociñadoiro eu estaba alí".

En parello vértice situou Agustín Fernández Paz *O centro do labirinto* (1994), de cando xa se impoñía o turbocapitalismo. Ecoloxía como *ecosofía*, lingua e cultura. "Quería falar de dous temas máis actuais agora que hai 15 anos: a voracidade capitalista e a globalización neoliberal, por unha parte, e a riqueza que supón a pluralidade lingüística e cultural". A acción arrinca en 2054, cun supragoberno europeo onde se fala euroinglés e os rebeldes se arrexuntan nas Zonas Non Controladas. Compostela é un parque temático onde o Derby sobrevive como reliquia etnográfica. Non é distopía: "Interesábame máis o espírito optimista do derradeiro poema de Ferrín en *Estirpe*", di o Premio Nacional de Literatura Infantil ("Non esquezas as verbas estirpe / que son morte pró estranxeiro opresor, elas nos lavan. / Sempre dirás: URCES. / Repite: os carballos").

As profecías autocumpridas, no que atinxe aos narradores, non son de claro cerne científico. "Gústame moito a tecnoloxía, pero a ficción científica como previsión técnica paréceme falsísima", expón Nacho Taibo. En 1977, o autor de *Homes de ningures* escribía o relato *O leito*, ucronía ambientada a finais da II Guerra Mundial. Se n'*O cervo na torre* de Darío Xohán Cabana había un Estado galego-portugués, aquí Galicia sepárase de España no século XV, asumindo o papel de Holanda no conflito bélico. "Se remata mal é porque todo remata mal", ri.

O tracexo da súa Galicia do futuro -"república independente coas comarcas federadas e revolucións anarquizantes"- segue nos relatos de *Informe bestiaro* (1991), onde a *Odisea*, adiante e atrás no tempo, é a de Homero. Ou en relatos de *Calendario* (1981) coma *O túnel*. "Iso si é un relato de anticipación política", chacotea. Unha Galicia nazi no futuro, en convivencia cunha Galicia real "cunha raza mellorada falando en galego". No suspenso entre o que habería que facer e o que falta, unha responsabilidade literaria. Borrazás

recorre a Dieste: "Non pretendo dar consellos, senón poñer espellos".

TÍTULOS

- *Campaña de Caprecórneca* (reed. Galaxia, 1994)
- *Once mil novecentos vinteseis* (Rafael Dieste, 1926)
- *2 viaxes* (Patiño-Marín, Ed. Brais Pinto, 1975)
- *Informe bestiarío* (Nacho Taibo, Laiovento, 1991)
- *Soños eléctricos* (Ramón Caride, Xerais, 1992)
- *A sombra cazadora* (Suso de Toro, Xerais, 1994)
- *O centro do labirinto* (Fernández Paz, Xerais, 1997)
- *Bailarina* (Manuel Seixas, Xerais, 1999)
- *Costa Norte/ZFK* (Borrazás, Galaxia, 2008)
- *Unicrom* (Rosa Enríquez, Sotelo Blanco, 2009)